

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 22 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García

Mayo, en data marzo de 2024, cun importe global de CINCOCENTOS QUINCE MIL CINCOCENTOS VINTE E CINCO EUROS (515.525,00 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	479.277,15 €
✓ Honorarios de proxecto:	16.110,16 €
✓ Honorarios dirección de obra:	16.110,16 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde	4.027,53 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 26/03/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTO CON CARGO Á LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN +PROVINCIA) 2024

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, publicadas no BOP núm. 2, correspondente ao día 3 de xaneiro de 2024, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a realización de diversos investimentos en servizos básicos municipais de conformidade coa Liña 1 do Plan correspondente ao exercicio de 2024, anualidade na que o Concello ten asignada a cantidade total de 446.662,29 €, cifra que pode ser incrementada co sobrante da Liña 3 e coas cantidades asignadas nas Liñas 2 e 4 non solicitadas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2024, por importe global de CATROCENTOS NOVENTA E SETE MIL CENTO CORENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (497.149,42 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento (Liña 1: Investimentos):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego	515.525,00 €	497.149,42 €	18.375,58 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de DEZAOITO MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (18.375,58 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Solicitar a inclusión dentro dos gastos de inversión solicitados, de conformidade co previsto na Base vixésima, do custe de redacción do proxecto e parcialmente do da dirección de obra, que precisan dunha contratación externa por insuficiencia de medios do Concello

Sexto.- Solicitar o traspaso da totalidade do crédito asignado ás Liñas 2 e 4, así como do sobrante da Liña 3, cara á Liña 1.

Sétimo.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓNS E MELLORAS NO CAMIÑO DE TRASULFE A LOUREIRO”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022 (REINVESTIMENTO DE BAIXA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “acceso aos núcleos de poboación” e “pavimentación das vías públicas”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 (expediente núm. [REDACTED]).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “PAVIMENTACIÓNS E MELLORAS NO CAMIÑO DE TRASULFE A LOUREIRO” á sociedade CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Melide (A Coruña), ao prezo de QUINCE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (15.452,38 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra e coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso.

5.- ACORDOS DE GASTO

De conformidade co previsto na Base segunda, apartado c) das Bases do Concurso de Decoración do Nadal “Rodeiro é ilusión”, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 30 de novembro de 2023, recibíronse as seguintes solicitudes de subvención para sufragar o custe dos materiais e elementos instalados para a decoración de espazos públicos:

- ✓ ANPA Xulio Lois (RE-E núm. 86, do 15/02/24).
- ✓ Asociación O Falar das Pedras RE-E núm. 101, do 22/02/24).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Conceder axudas económicas, con cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, a favor das seguintes entidades de conformidade coas xustificacións achegadas:

Primeiro.- Á ANPA Xulio Lois, por importe de SETENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (75,45 €).

Segundo.- Á Asociación O Falar das Pedras, por importe de CENTO DEZASEIS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (116,52 E).

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 10.161,96 €

Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de febreiro de 2024, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 5.553,44 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de febreiro de 2024, s/recibos.
- WURTH S.L. 764,78 €
Por traballos de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes, s/factura núm. S02/240139 (FACe).
- RODOIL S.L. 91,31 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. 2024/24/000047 (FACe).
- RODOIL S.L. 124,92 €, 92,44 €, 370,88 € E 55,08 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de febreiro de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000048, 2024/24/000050, 2024/24/000051 e 2024/24/000052 (FACe).
- RODOIL S.L. 5,00 €
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. 2024/24/000049 (FACe).
- VIRULÉ RODEIRO S.L. 423,50 €
Por transporte de aglomerado para obras municipais, s/factura núm. 17 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)